2009 - 2010

Memoria Final Grupo de Traballo PIC´s Protocolos I2C e SPI. Aplicacións para o Adestrador PIC ++



Lores Fernández, Víctor

Meruéndano Cardeñosa, Miguel Ángel

Queimadelos Díaz, Irene

Rodríguez Casanova, Mª de los Ángeles

Seoane Núñez, Ledicia

Unidade didáctica

Desenvolvemento e construción de prototipos electrónicos e Sistemas de telecomunicación e informática.

Familia profesional	Electricidade e electrónica
Ciclo formativos	Desenvolvemento de produtos electrónicos
Grao	Superior
Módulos	Desenvolvemento e construción de prototipos electrónicos Desenvolvemento de proxectos de produtos electrónicos
Unidade didáctica	Programación de Pic´s en Linguaxe C baixo protocolos SPI e I^2c
Actividade	**Construción dun programador e programación para o Pic 18F45J10 baixo C con protocolos SPI e I^2C**
Autores	Grupo de traballo de profesores de electrónica do IES Ricardo Mella e do IES de Tomiño

Índice

Datos da actividade 5

Titulo e descrición 5

Obxectivos 5

1.1 Contidos 7

1.1.1 Contidos procedementais 7

Desenvolvemento dun proxecto de aplicación electrónica: 7

Realización da posta a punto e da documentación dun proxecto electrónico: 7

Elaboración da planificación e xestión dun proxecto electrónico: 8

Realización dun proxecto de aplicación electrónica no ámbito industrial, no que interveñan técnicas de medida, control, regulación e potencia electrónica. Incluirá tecnoloxías analóxicas, dixitais e microprogramables: 8

Realización dun proxecto de aplicación electrónica no ámbito das telecomunicacións, no que interveñan distintas técnicas de modulación e de transmisión en distintos soportes. Incluirá tecnoloxías analóxicas, dixitais e microprogramables: 8

Elaboración de esquemas electrónicos con soporte informático 9

Deseño de circuítos impresos con soporte informático 9

Confección da documentación técnica para a construción de placas de circuíto impreso e montaxe de prototipos 9

Construción de circuítos impresos para prototipos 10

Realización da montaxe de compoñentes electrónicos nas placas de circuíto impreso 10

Selección e aplicación de probas de funcionalidade nos prototipos realizados 10

Realización de probas de fiabilidade nos prototipos realizados 10

1.1.2 Contidos conceptuais 11

Fases no deseño e desenvolvemento dun proxecto electrónico: 11

Posta a punto e documentación: 11

Planificación e xestión de proxectos: 11

Aspectos organizativos. 11

Técnicas de deseño de circuítos impresos 12

Construción de placas de circuíto impreso 12

Montaxe de compoñentes nas placas de circuíto impreso 12

Probas funcionais e axustes 12

Control de calidade e fiabilidade 12

1.1.3 Contidos actitudinais 13

Traballo en grupo 13

Comportamento interpersoal 13

Optimización do traballo na realización de tarefas 13

Realización estruturada do traballo na execución de tarefas 13

Compromiso coas abrigas asociadas ó traballo 13

Avaliación de resultados 14

Coordinación dos recursos humanos 14

1.1.4 Dominio profesional 14

Medios de produción ou tratamento da información 14

Materiais e produtos intermedios 14

Principais resultados do traballo (produtos e/ou servizos) 15

Procesos, métodos e procedementos 15

Información (natureza, tipo e soportes) 15

Persoal e/ou organizacións destinatarias 15

1.2 Aspectos metodolóxicos 15

1.2.1 Requisitos mínimos de espacios e instalacións 16
Programación de Pic´s en Linguaxe C baixo protocolos SPI e I2C 16
Introdución 16
Programas Feitos co Relator en Linguaxe C baixo protocolos I2C e SPI 17
PARPADEO DE LED VERDE POR SEGUNDO. 18
PARPADEO DE TRES LEDS SECUENCIAL VARIANDO O TEMPO 19
RELOXO CONTADOR DE SEGUNDOS EN FORMATO SSSS 21
RELOXO DE MINUTOS E SEGUNDOS FORMATO MM SS 25
RELOXO PROGRAMABLE POR BOTONS EN FORMATO MM SS 28
LETURA DE TEMPERATURA BAIXO I²C EN LCD E DISPLAY 36
Construción dun Programador de PIC´s co OrCad 40
Previo o deseño co programa OrCad 40
Deseño co programa OrCad Capture. Placa do PIC 41
Deseño co programa OrCad Layout. Placa do PIC 42
Deseño co programa OrCad Capture. Placa dos Displays e Rexistros de Desprazamento 45
Deseño co programa OrCad Layout. Placa dos Displays e Rexistros de Desprazamento 45
Deseño co programa OrCad Capture. Placa do LCD 48
Deseño co programa OrCad Layout. Placa do LCD 49
Deseño co programa OrCad Capture. LED e Interruptores 51
Deseño co programa OrCad Layout. LED e Interruptores 52
Imaxes do Programador do PIC, Placa PIC, Displays e Rexistros de Desprazamento e conectores utilizados para comunicar as placas 54
Aplicacións para o adestrador PIC++ 55
Radio FM. 55
Deseño co programa OrCad Capture. 55
Deseño co programa OrCad Layout. 55
Amplificador. 58
Deseño co programa OrCad Capture. 58
Deseño co programa OrCad Layout. 58
Buffers. 61
Deseño co programa OrCad Capture. 61
Deseño co programa OrCad Layout. 62
Anexo 1 64
Anexo 2 65
Introdución 66
Requisitos e Instalación 66
Hardware adestrador Pic++. 67
Características básicas 67
Compoñentes do Adestrador Pic++ 68
Fonte de alimentación 69
Módulo de gravación 69
Modulo microcontrolador 69
Circuíto de inicialización ou reset do pic 70
Comunicación serie rs232 70
Comunicación SPI e I2C. 70
Dispositivos periféricos internos 71

Memoria SPI 71
Reloxo en tempo real 71
Conexións para periféricos externos 71
Placas de ampliación 72
Placa de 8 leds 72
Placa de 8 interruptores 72
Placa de 4 Displays 73
Rexistro de desprazamento 73
Placa LCD 73
Placa Radio FM 74
Placa Amplificado Audio 74
Placa de Buffers 75
Conexionado e proceso de gravación 75
Conexionado dos módulos 75
Proceso de gravación 77
Programas exemplo 82
Programa EscintilanLED_Todos da placa de 8 led 82
Programa que acende ou apaga led controlados por interruptor 84
Programa que acende un número decimal de 0 a 9999 na placa de displays usando rexistro de desprazamento 87
Programa que presenta unha frase no display LCD 93

Datos da actividade

Titulo e descrición

Título:Construción dun programador e programación para o Pic18F45J10 baixo C e protocolos SPI e I^2C con periféricos de entrada e saída.

Descrición: Elaboración de PCB´s co ORCAD, con edición de librerías e footprints. Programación da me utilizando protocolos I^2C e SPI.

Obxectivos

DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PRODUTOS ELECTRÓNICOS

Os algoritmos e diagramas de fluxo da solución programada reflicten adecuadamente o tratamento dos datos, a secuencia e o fluxo de información ó longo dos programas.

As técnicas utilizadas no deseño dos programas teñen en conta a programación modular e as estruturas de control básicas da programación estruturada.

Realízase a elección da linguaxe de programación (de alto e/ou baixo nivel) en función as prestacións de velocidade, a portabilidade e as ferramentas de desenvolvemento dispoñibles.

Codifícanse convenientemente os algoritmos da solución adoptada, utilizando as estruturas de control e recursos da linguaxe (ou linguaxes) seleccionados.

Os programas da aplicación inclúen rutinas e procedementos estándar incluídos en librerías previamente normalizadas.

O código dos programas está suficientemente comentado, garantindo un posterior mantemento.

As probas funcionais do programa aseguran que o tratamento dos datos se axusta ó especificado nos correspondentes diagramas de fluxo.

As probas conxuntas do software e do hardware da aplicación aseguran o cumprimento das especificacións funcionais e prestacións da aplicación.

Realízase a documentación dos programas (diagramas de fluxo, listaxes de código,...) coa calidade prescrita e no soporte e formato normalizados.

DESENVOLVEMENTO E CONSTRUCIÓN DE PROTOTIPOS ELECTRÓNICOS

Describir a tipoloxía e características dos programas informáticos usados para o debuxo de esquemas electrónicos, seleccionado os parámetros que os configuran para un uso axeitado deles.

Realizar a selección de compoñentes e os seus atributos nas librerías, creándoos se non existen e situándoos no formato elixido a partir das especificacións dos circuítos.

Confeccionar esquemas de aplicacións electrónicas realizando a interconexión dos compoñentes, seguindo procedementos normalizados en debuxo de circuítos.

Elaborar bases de datos que conteñan a documentación dos esquemas realizados, indicando as características técnicas e funcionais de cada un.

Describir a tipoloxía e características dos programas informáticos usados para o deseño de circuítos impresos, seleccionando os parámetros que os configuran para un uso correcto deles.

Precisar as características funcionais requiridas polo deseño de circuítos impresos, seleccionando os compoñentes e os seus atributos nas librerías, ou creándoos se é preciso, situándoos no formato elixido a partir das especificacións dos circuítos.

Definir a forma e tamaño de placas de circuíto impreso, situando os compoñentes con criterios de optimización do espazo, seguridade térmica, eléctrica e electromagnética.

Aplicar as técnicas de trazado manual e/ou automático de pistas de circuítos impresos, dunha ou dúas caras, entre os diferentes compoñentes a partir dos listados de conexións.

Elaborar bases de datos que conteñan a documentación das placas realizadas, indicando as características técnicas e funcionais de cada unha.

Realizar as copias impresas dos diferentes circuítos, placas, listados de compoñentes e das diferentes fases da realización dos prototipos.

Confeccionar a documentación técnica de construción e montaxe de circuítos electrónicos en formato normalizado, utilizando as ferramentas informáticas de deseño de forma que responda ás diferentes fases da construción de prototipos.

Diferenciar as placas para a montaxe de compoñentes de inserción e de montaxe superficial, identificando os tipos de dieléctrico e seleccionando os axentes de revelado, gravado e decapado para usar no proceso de construción de circuítos.

Executar os procesos de tradeado manual e/ou automatizado, metalizado de trades, fotosensibilización, revelado, gravado, decapado e serigrafado das placas de circuíto impreso, seguindo métodos normalizados e baixo as normas de seguridade.

Vencellar os diferentes procesos de montaxe manual e automático de compoñentes de inserción, compoñentes superficiais e técnicas de soldadura manual e automática, coas máquinas, ferramentas e secuencias de cada operación.

Realizar a montaxe manual de placas de circuíto impreso, definindo o procedemento para seguir de acordo coa documentación técnica, utilizando as ferramentas e os materiais axeitados.

Confeccionar placas de circuíto impreso de forma automatizada, programando a máquina de montaxe de compoñentes seguindo as súas instrucións, elixindo o proceso de soldadura en función dos compoñentes e do tipo de placa utilizados.

Diferenciar as características de análise estática e análise funcional dun prototipo electrónico, establecendo o tipo de alimentación eléctrica para o seu correcto funcionamento.

Realizar as conexións dos prototipos verificando o seu funcionamento, aplicando procedementos de proba e axuste establecidos na documentación técnica.

Precisar e aplicar procedementos axeitados de control de calidade a partir da revisión dos compoñentes e materiais, do proceso de montaxe e do prototipo final.

Establecer e pór en práctica procedementos axeitados de control de fiabilidade a partir das análises térmicas, eléctricas, mecánicas, de humidade e da vida do produto.

Elaborar informes-memoria das actividades desenvolvidas, dos resultados obtidos e dos medios utilizados, estruturándoas nos apartados precisos para unha adecuada documentación.

1.1 Contidos

1.1.1 Contidos procedementais

DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PRODUTOS ELECTRÓNICOS

Desenvolvemento dun proxecto de aplicación electrónica:

Especificacións técnicas. Elaboración coa precisión requirida.

Información técnica comercial ou en documentación doutros proxectos:

- Selección da necesaria como fonte de información.
- Confección de arquivos para o desenvolvemento da aplicación.

Diagramas de bloques. Elaboración partindo de circuítos similares para a resolución a nivel funcional da aplicación.

Compoñentes electrónicos. Realización dos cálculos técnicos e matemáticos necesarios para a súa selección.

Circuítos electrónicos analóxicos e dixitais:

- Selección das tecnoloxías e dos compoñentes máis adecuadas, partindo dos manuais e a documentación técnica.
- Elaboración dos esquemas.
- Simulación por medios informáticos.

Maquetas electrónicas:

- Construción seleccionando o procedemento máis adecuado.
- Uso de técnicas de montaxe rápida.

Dispositivos microprogramables utilizados na aplicación:

- Selección da linguaxe para a elaboración do programa de control.
- Confección dos programas, cos oportunos comentarios para o seu correcto mantemento.

Realización da posta a punto e da documentación dun proxecto electrónico:

Probas funcionais:

- Determinación das medidas que hai que realizar, indicando os parámetros máis críticos.
- Selección da instrumentación e os equipos de medida para o axuste do proxecto, tendo en conta as probas de fiabilidade que debe cumprilo produto.
- Realización das medidas e os axustes adecuados.

Documentación:

- Elaboración dos formatos onde se deben recollelos resultados das medidas, probas e ensaios que se deben realizar no prototipo.
- Selección e organización da documentación base correspondente á aplicación.
- Determinación da ferramenta informática máis adecuada ás características e o tipo de documentación que se vai elaborar.
- Realización da documentación técnica.

Elaboración da planificación e xestión dun proxecto electrónico:

Normativa técnica e administrativa. Selección da que atinxa ó proxecto e que poida afecta-la súa homologación.

Fases de desenvolvemento do proxecto. Organización, secuenciando as tarefas realizadas en cada unha delas.

Viabilidade do produto. Realización dun estudio pormenorizado.

Recursos materiais, humanos e de infraestrutura. Determinación dos necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Técnicas e gráficas (PERT, GANTT). Utilización para reflectilas actividades, sucesos e puntos críticos no desenvolvemento do proxecto.

Realización dun proxecto de aplicación electrónica no ámbito industrial, no que interveñan técnicas de medida, control, regulación e potencia electrónica. Incluirá tecnoloxías analóxicas, dixitais e microprogramables:

Especificacións funcionais e de calidade:

Selección dos tipos de tecnoloxías, dispositivos e materiais, procesos de fabricación, ferramentas, equipos e máquinas que se deben empregar.

Análise de viabilidade da aplicación proposta.

Planificación do proxecto nas súas distintas fases.

Elaboración de esquemas e planos necesarios para a construción do prototipo.

Confección da memoria descritiva de funcionamento dos circuítos.

Creación da listaxe de materiais e fontes subministradoras.

Construción da maqueta correspondente.

Elaboración dos programas de control na linguaxe e cos formatos estándar requiridos.

Realización de probas funcionais, de calidade e de fiabilidade precisas.

Confección do orzamento correspondente.

Realización dun proxecto de aplicación electrónica no ámbito das telecomunicacións, no que interveñan distintas técnicas de modulación e de transmisión en distintos soportes. Incluirá tecnoloxías analóxicas, dixitais e microprogramables:

Especificacións funcionais e de calidade:

Selección dos tipos de tecnoloxías, dispositivos e materiais, procesos de fabricación, ferramentas, equipos e máquinas que se deben empregar.

Análise de viabilidade da aplicación proposta.

Planificación do proxecto nas súas distintas fases.

Elaboración de esquemas e planos necesarios para á construción do prototipo.

Confección da memoria descritiva de funcionamento dos circuítos.

Creación da listaxe de materiais e fontes subministradoras.

Construción da maqueta correspondente.

Elaboración dos programas de control na linguaxe e cos formatos estándar requiridos.

Realización de probas funcionais, de calidade e de fiabilidade precisas.

Confección do orzamento correspondente.

DESENVOLVEMENTO E CONSTRUCIÓN DE PROTOTIPOS ELECTRÓNICOS

Elaboración de esquemas electrónicos con soporte informático

Aplicacións informáticas usadas na creación de esquemas electrónicos. Selección, obtendo a súa tipoloxía e características.

Compoñentes requiridos. Selección nas librerías do programa ou creación se non existen, editando os seus atributos.

Interconexións entre compoñentes. Realización seguindo procedementos normalizados en e listados de conexións.

Documentación do circuíto.

Configuración de arquivos con listas de material e anotacións.

Obtención de copias impresas a través dos periféricos informáticos.

Deseño de circuítos impresos con soporte informático

Características funcionais e técnicas das placas. Definición segundo as diferentes necesidades.

Aplicacións informáticas usadas na creación de esquemas electrónicos. Selección, obtendo a súa tipoloxía e características.

Compoñentes requiridos.

Selección nas librerías do programa ou creación, se non existen.

Edición dos atributos.

Definición do tamaño e forma da placa do circuíto impreso.

Técnicas de trazado de pistas.

Definición segundo as especificacións realizadas.

Realización do trazado manual e/ou automático de pistas entre os diferentes compoñentes, a partir da listas de conexións, situando os compoñentes de forma óptima e tendo en conta as medidas de seguridade térmica electromagnética.

Documentación do circuíto.

Configuración de arquivos con listas de material e anotacións.

Obtención de copias impresas a través dos periféricos informáticos.

Confección da documentación técnica para a construción de placas de circuíto impreso e montaxe de prototipos

Esquemas eléctrico/electrónico. Confección no formato normalizado.

Listados de materiais precisos. Realización agrupándoos de cordo coa súa tipoloxía, funcionalidade e características.

Listados de conexións. Elaboración para usalo como elemento de comprobación.

Documentación de placas de circuíto impreso. Confección en formato normalizado e compostas polas máscaras de soldadura, máscaras de pistas e planos de tradeado.

Planos necesarios para a montaxe dos compoñentes dos circuítos. Realización de forma que responda ás distintas fases da construción dos prototipos.

Construción de circuítos impresos para prototipos

Técnicas necesarias.

- Clasificación das placas en función do tipo de dieléctrico e do tipo de montaxe.
- Confección do método de actuación.
- Selección de útiles e produtos adecuados á realización.
- Selección dos materiais para empregar na realización de placas.
- Realización de cada un dos procesos con meticulosidade, seguindo as normas de seguridade.

Informe-memoria da construción de placas de circuíto impreso. Elaboración, estruturando os resultados obtidos para unha adecuada documentación.

Realización da montaxe de compoñentes electrónicos nas placas de circuíto impreso

Técnicas de montaxe:

- Definición do proceso para seguir, segundo a documentación técnica.
- Selección das ferramentas e materiais axeitados.
- Realización da montaxe dos compoñentes, seguindo procedementos establecidos e baixo as normas de seguridade.
- Inspección da placa montada para detecta-los fallos.

Informe-memoria da realización da montaxe. Elaboración, estruturando os resultados obtidos para unha adecuada documentación.

Selección e aplicación de probas de funcionalidade nos prototipos realizados

Técnicas de análise estático e funcional. Identificación das características de cada un.

Probas funcionais e de axuste.

- Selección da alimentación eléctrica correcta.
- Realización de conexións cos aparellos de verificación, aplicando as probas establecidas na documentación técnica.
- Realización de axustes e posta a punto.

Informe-memoria das probas funcionais e axustes. Elaboración, estruturando os resultados obtidos para unha adecuada documentación.

Realización de probas de fiabilidade nos prototipos realizados

Características de calidade e fiabilidade. Análise dos conceptos básicos.

Control de calidade nun prototipo electrónico.

- Selección do procedemento adecuado.
- Comprobación dos materiais de entrada.
- Comprobación das diferentes fases da montaxe e inspección final.
- Aplicación do procedemento de control de calidade establecido.

Control de fiabilidade nun prototipo electrónico.

- Selección do procedemento adecuado.
- Cuantificación da vida do produto.

Realización dunha análise térmica, mecánica, eléctrica e de humidade.

Aplicación do procedemento de control de fiabilidade establecido.

Informe-memoria das actividades realizadas. Elaboración, estruturando os resultados obtidos para unha adecuada documentación.

1.1.2 Contidos conceptuais

DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PRODUTOS ELECTRÓNICOS

Fases no deseño e desenvolvemento dun proxecto electrónico:

Especificacións do proxecto. Reunión de datos.

Normativa para seguir segundo cada caso.

Documentación técnica e/ou bases de datos.

Tecnoloxías para utilizar.

Simboloxía normalizada.

Técnicas de estimación de tempos e custos.

Modelos de soportes, esquemas e listaxes.

Programas de simulación electrónica, instrucións e funcionamento.

Ferramentas e instrumentos necesarios nas técnicas de montaxe rápida para a construción de maquetas electrónicas.

Programas para sistemas microcontrolados.

Equipos de desenvolvemento.

Posta a punto e documentación:

Especificacións de calidade axustadas á normativa.

Instrumentos, equipos e programas para as probas e posta a punto.

Tipos de formatos e soportes para a elaboración da documentación técnica:

Lista de materiais.

Esquemas, planos, instrucións de montaxe e posta a punto.

Probas funcionais, de calidade e de fiabilidade.

Memoria descritiva e programas.

Planificación e xestión de proxectos:

Técnicas de desenvolvemento de proxectos.

Aspectos organizativos.

Métodos para o estudio da viabilidade.

Técnicas de xestión de recursos, planificación de tempos e estimación de custos. Control de compras e materiais.

Técnicas utilizadas na planificación e seguimento de proxectos.

Informes e documentación na finalización e entrega de proxectos.

DESENVOLVEMENTO E CONSTRUCIÓN DE PROTOTIPOS ELECTRÓNICOS

Técnicas de deseño de circuítos impresos

Programas informáticos usados na edición de esquemas electrónicos.
Tipoloxía e características das placas de circuíto impreso.
Compoñentes das librerías. Deseño e creación, se non existen.
Técnicas de interconexión dos diferentes compoñentes.
Diferentes encapsulados na superficie da placa de circuíto impreso definida.
Técnicas de trazado manual e/ou automático de pistas.
Arquivos necesarios para a fabricación de tarxetas.

Construción de placas de circuíto impreso

Programas informáticos usados na configuración de circuítos impresos.
Características funcionais da placa requiridas polo deseño.
Diferentes axentes de revelado, gravado, insolado e decapado.
Documentación técnica precisa para a realización da placa.
Maquinas, ferramentas e materiais necesarios.

Montaxe de compoñentes nas placas de circuíto impreso

Compoñentes empregados na montaxe.
Técnicas de montaxe de placas.
Técnicas de soldadura.
Técnicas de inspección visual e de limpeza.

Probas funcionais e axustes

Equipos de medida.
Probas e axustes establecidos na documentación técnica da propia tarxeta.

Control de calidade e fiabilidade

Plans de control de calidade e normas en vigor.
Técnicas de análise de calidade, mecánicas e eléctricas.
Ensaios de longa duración.
Ensaios de curta duración.
Efectos de temperatura nos compoñentes electrónicos.

Métodos de cálculo e avaliación aproximada da vida dun prototipo.

1.1.3 Contidos actitudinais

DESENVOLVEMENTO E CONSTRUCIÓN DE PROTOTIPOS ELECTRÓNICOS

DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PRODUTOS ELECTRÓNICOS

Traballo en grupo

Colaboración entre os compoñentes do grupo, polo seu propio autocontrol.

Valoración de calquera idea con cordialidade, respecto e tolerancia co resto dos compañeiros.

Preocupación por axuda-los compañeiros en tarefas de aprendizaxe.

Cooperación entre os compoñentes do grupo, segundo a tarefa para realizar e os medios dispoñibles.

Comportamento interpersoal

Actitude de apertura cos compañeiros, intercambiando experiencias e procurando as mellores solucións para resolve-los traballos a realizar.

Valoración de calquera idea con cordialidade, respecto e tolerancia co resto dos compañeiros.

Rigor en argumentar as ideas propias para a resolución de cada traballo, contrastando cos compañeiros do grupo.

Optimización do traballo na realización de tarefas

Preocupación pola autoorganización das secuencias nas operacións de desenvolvemento e construción de prototipos, tomando decisións de prioridade de traballo, buscando optimizala relación entre calidade e tempo.

Espírito crítico na autoavaliación dos métodos de traballo empregados, buscando melloralos factores, calidade e tempo empregado.

Realización estruturada do traballo na execución de tarefas

Preocupación pola orde no posto de traballo, dispondo as ferramentas, útiles e instrumentos no mellor lugar para ser empregados.

Comportamento activo para conseguir acabados pulcros dos traballos, realizando a verificación visual e sistemática do produto final.

Preocupación pola aplicación de procedementos normalizados na realización de tarefas de desenvolvemento e construción de prototipos.

Compromiso coas abrigas asociadas ó traballo

Responsabilidade na conservación das maquinas, ferramentas, útiles e instrumentación, facendo por iniciativa propia o mantemento máis usual.

Hábito de realizar as operacións de desenvolvemento e construción de prototipos seguindo normas e recomendacións de seguridade laboral e facendo un uso correcto das ferramentas e da instrumentación.

Avaliación de resultados

Valoración dos traballos efectuados en función dos resultados, tempo utilizado, metodoloxía, os aparellos e a instrumentación utilizada nas tarefas para realizar.

Responsabilidade para emitir un xuízo sobre os criterios utilizados á hora de finalizar un traballo encomendado.

Preocupación por utilizar a autoavaliación como ferramenta para a mellora das capacidades persoais.

Coordinación dos recursos humanos

Compromiso cos aplicación da lexislación laboral e as condicións dos contratos de cada traballador.

Preocupación por facilitar a relación entre traballadores, intercambiando coñecementos e actitudes positivas.

Actitude de apertura das propostas de mellora da calidade e da produtividade do servizo por parte dos traballadores.

1.1.4 Dominio profesional

DESENVOLVEMENTO E CONSTRUCIÓN DE PROTOTIPOS ELECTRÓNICOS

DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PRODUTOS ELECTRÓNICOS

Medios de produción ou tratamento da información

Material de debuxo. Calculadora. Ordenador. Periféricos de ordenador (impresora, trazador gráfico, táboa dixitalizadora). Programas informáticos de debuxo e deseño asistidos por ordenador (CAD-CAE) para o deseño e simulación de placas de CI. Arquivadores de planos. Material de oficina xeral. Ferramentas manuais para traballos eléctricos e mecánicos (alicates, desaparafusadores, pelacables, soldador, trade). Estación de soldadura e desoldadura de compoñentes electrónicos (de inserción e de montaxe superficial). Fototrazador gráfico. Pequenas máquinas para metalizado de trades nos CI. Pantallas serigráficas para CI. Pequenas máquinas para montaxe de compoñentes en CI para prototipos (manuais, automáticas). Pequena máquina de control numérico (CNC) para trades. Pequeno forno de refusión. Instrumentos de medida e verificación electrónica (polímetro, osciloscopio, frecuencímetro, xeradores de BF e AF, fontes de alimentación, analizador de espectros, inxector e sonda lóxica, analizador de estados lóxicos). Instrumentación para rexistro de parámetros. Instrumentación para ensaios de fiabilidade.

Materiais e produtos intermedios

Esquemas electrónicos e listas de materiais. Condutores eléctricos e elementos de interconexión. Compoñentes electrónicos. Ficheiros para a realización do fotogravado de CI. Materiais para o metalizado, fotogravado e atacado químico de placas de CI. Materiais para a soldadura de compoñentes en placas de CI. Prototipos de circuítos electrónicos. Follas de medida e informes de probas. "Software" de proba.

Principais resultados do traballo (produtos e/ou servizos)

Prototipos de circuítos electrónicos analóxicos e dixitais. Documentación correspondente ó deseño físico do produto electrónico (esquemas electrónicos, planos do deseño físico dos CI - disposición de compoñentes e serigrafía, pistas das distintas capas, máscaras de soldadura, plano de trades-, ficheiros para fototrazador e máquina de trade CNC). Informes de probas funcionais e de fiabilidade.

Procesos, métodos e procedementos

Procedementos de disposición de compoñentes en e de trazado de pistas en placas de CI (manual e automático). Procedementos de obtención de documentación para elaboración de placas de CI (en soportes papel e informáticos). Procesos de fabricación de CI (metalizado de trades, preparación de pantallas serigráficas e protección de CI). Procedementos de programación de CNC para tradeado de placas de CI. Métodos de soldadura de compoñentes de inserción e de montaxe superficial (SMD). Proceso de montaxe electrónica manual (dobrado, inserción, corte de terminais, soldadura e desoldadura). Proceso automático de montaxe de compoñentes electrónicos (programación de máquinas de posicionamento de compoñentes). Procedementos de gravado de dispositivos electrónicos programables (memorias, dispositivos lóxicos programables -PLD-, microcontroladores). Procedementos de medida de magnitudes electrónicas no dominio do tempo e da frecuencia. Procedementos de axuste de circuítos electrónicos. Procedementos xerais de documentación.

Información (natureza, tipo e soportes)

Especificacións técnicas do produto. Normativa técnica e de calidade aplicable ó produto. Manuais de circuítos electrónicos. Normativa interna de utilización de compoñentes electrónicos. Manuais internos de montaxe e interconexión. Manuais internos sobre procedementos de axuste. Manuais internos sobre procedementos de análises de fiabilidade. Manuais internos sobre tipo e contido de documentación de produtos electrónicos (en soporte de papel e informático).

Persoal e/ou organizacións destinatarias

Departamento e/ou persoal de deseño. Departamento e/ou persoal de industrialización.

Departamento e/ou persoal de calidade. Cliente. Organismos oficiais de homologación.

1.2 Aspectos metodolóxicos

Tipo da actividade presencial, de aprendizaxe, práctica, escrita e individual e de grupo.

Recursos:

Materiais: plataformas de programación en linguaxe C simuladores e programadores de PIC, aplicación informática OrCAD, taller de fabricación de circuítos impresos, estación de montaxe e soldadura, instrumentación electrónica de medicións e probas.

Espazos: taller de electrónica do centro educativo nas horas presenciais.

Contorno de comunicación: Aulas dos IES.

1.2.1 Requisitos mínimos de espacios e instalacións

De conformidade co establecido no R.D. 777/1998, do 30 de abril, o ciclo formativo de formación profesional de grao superior de desenvolvemento de produtos electrónicos require, para a impartición das ensinanzas relacionadas neste decreto, os seguintes espazos mínimos:

Espazo formativo	Superficie(30alumnos)	Superficie(20alumnos)	Grao utilización
Aula Técnica	90m^2	60 m^2	20%
Taller Electricidade-Electrónica	120 m^2	90 m^2	65%
Aula Polivalente	60 m^2	40 m^2	15%

A superficie indicada na segunda columna da táboa corresponde ó número de postos escolares establecido no artigo 35 do R.D. 1004/1991, do 14 de xuño. Poderán autorizarse unidades para menos de trinta postos escolares, polo que será posible reducilos espazos formativos proporcionalmente ó número de alumnos, tomando como referencia para a determinación das superficies necesarias as cifras indicadas nas columnas segunda e terceira da táboa.

O grao de utilización expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espacio prevista para a impartición das ensinanzas, por un grupo de alumnos, respecto da duración total destas ensinanzas. Na marxe permitida polo grao de utilización, os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnos que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.

En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas ós espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns. Non debe interpretarse que os diversos espazos formativos identificados deban diferenciarse necesariamente mediante cerramentos.

Programación de Pic´s en Linguaxe C baixo protocolos SPI e I2C

Introdución

Nesta actividade describiranse os diferentes procedementos e estratexias para a programación de Pic`s baixo protocolos SPI e I$^2$C mediante un programador comercial, para seguir a continuación implementando un entrenador de programación de uso didáctico para Pic`s no que se desenvolverán os diferentes programas que serán desenvolvidos nas aulas co alumnado.

Nesta **actividade** distínguense tres partes:

Primeira: Descrición do traballo feito co relator e o desenvolvemento dos programas en C para a súa utilización no programador comercial.

Segunda: Construción do programador mediante os PCB`s correspondentes co OR-CAD,. Isto levarase logo á aula no módulo de desenvolvemento e construción de prototipos electrónicos..

Programas Feitos co Relator en Linguaxe C baixo protocolos I2C e SPI

O comezo deste grupo de traballo dedicamos as primeiras reunións a poñernos ao día da programación en linguaxe C de Pic`s baixo protocolos de comunicación I2C e SPI, contando coas horas de docencia en que traballamos co noso relator, Fernando Rodríguez Rodríguez, aprendemos os rudimentos deste tipo de programas e centramos os nosos esforzos nas características destes protocolos e finalmente no estudo do programador empregado para as comprobación dos programas.

No estudo destes protocolos podemos facer referencia a algunha documentación que pode ser de utilidade para todos aqueles que queiran preparar e desenvolver estas prácticas.

Con respecto ao manual e documentación do programado, utilizamos o:

Development Kit For the PICMCU **Exercise Book Embedded Serial Busses.**

E algunhas das páxinas web mais utilizadas para esta actividade:

http://www.pic-c.com http://www.piclist.com http://www.ccsinfo.com/download

O programador que mostramos a continuación foi o “Embedded Serial Busses” baixo a plataforma PIC-C co compilador CCS.



O resultado destes traballos van ser descritos a continuación cos programas correspondentes a cada un, para a visualización dos mesmos anexamos unha carpeta con vídeos que se adxunta na documentación en soporte informático.

PARPADEO DE LED VERDE POR SEGUNDO.

```
/*****************************************************************************
* FICHEIRO: EscintilaLEDverde.c
* CONTIDO: Programa de proba da placa, sobre o PIC16F887A, fai escintilar
*  o LED verde (etiqueta A5(pin 8)) cada segundo.
* FUNCIÓNS:
*  main(): Bucle infinito que apaga en acende o LED verde cada segundo.
*****************************************************************************/
/*********     CONFIGURACIÓN ESPECÍFICA DA PLACA OU DO EXERCICIO:
*   Frecuencia de oscilación do PIC: clock=10000000
*   Pin do cátodo do LED verde: LED_VERDE
*****************************************************************************/
// Contorno básico do hardware:
#include <16f877A.h>           // Usamos PIC16F877A
#device  ICD=TRUE              // Usamos depurador ICD
#fuses   HS,NOLVP,NOWDT,PUT    // Non aceptamos programación nivel baixo
#use     delay (clock=10000000) // Frecuencia de oscilación do PIC: 10Mhz
// Pins dos cátodos dos LEDs
#define LED_VERDE    PIN_A5   // Conectado no pin 8 (A5) do PIC
//------     Declaración de funcións:     ---------------------------------
void main();
//---------------------------------------------------------------------------
/*****************************************************************************
* FUNCIÓN: main()
*  Bucle infinito que leva sucesivamente a saída PIN_A5(8) a niveis
*   baixo=acendido, alto=apagado. Espera 1 segundo entre cambios.
*****************************************************************************/
void main ()
{
  while (TRUE)
  {
```

```
   output_low (LED_VERDE);   // Acende o LED verde
   delay_ms (1000);          // Espera 1 segundo
   output_high (LED_VERDE);  // Apaga o LED verde
   delay_ms (1000);          // Espera 1 segundo
 }}
```

PARPADEO DE TRES LEDS SECUENCIAL VARIANDO O TEMPO

```
/*****************************************************************************
* FICHEIRO: EscintilaLEDsecuencial.c
* CONTIDO: Programa de proba da placa, sobre o PIC16F887A, acende os LEDs
*  vermello, amarelo e verde consecutivamente, variando o período e o ciclo.
*  Comeza ao pulsar o interruptor A4 (etiquetado no manual como A0 pero
*   conectado ao pin A4 do PIC)e remata ao pulsar o interruptor E0 do PIC .
* FUNCIÓNS:
*  void main(): Bucle á espera de pulsar A4. Bucle de activación de LEDs ata
*    pulsado do E0.
*  void EscintilaLED(int8 led, int16 período, int8 ciclo): Escintila o LED
*    segundo a combinación do período (milisegundos) e do ciclo de traballo(%).
*****************************************************************************/
/************     CONFIGURACIÓN ESPECÍFICA DA PLACA OU DO EXERCICIO:
*   Frecuencia de oscilación do PIC: clock=10000000
*   Pins dos cátodos dos LEDs: LED_VERDE, LED_AMARELO, LED_BERMELLO
*****************************************************************************/
#include <16f877A.h>           // Usamos PIC16F877A
#device  ICD=TRUE              // Usamos depurador ICD
#fuses   HS,NOLVP,NOWDT,PUT    // Non aceptamos programación nivel baixo
#use     delay (clock=10000000) // Frecuencia de oscilación do PIC: 10Mhz
// Pins dos cátodos dos LEDs:
#define LED_BERMELLO PIN_B1   // Conectado no pin 37 (B1) do PIC
#define LED_AMARELO  PIN_B4   // Conectado no pin 41 (B4) do PIC
#define LED_VERDE    PIN_A5   // Conectado no pin 8 (A5) do PIC
//------     Declaración de funcións:     ---------------------------------
void main();
void EscintilaLED(int8 led, int16 periodo, int8 ciclo);
/*****************************************************************************
* FUNCIÓN: void main()
```

```
*  Arranque: Bucle de espera de cambio a alto no pulsador A4 (pin 7).
*  Bucle do-while (ao menos unha vez): Activa un a un os LEDs vermello, amarelo
*    e verde variando o período e o ciclo de traballo na seguinte secuencia:
*     - Acende: 0.5s, apaga: 0.5s (periodo 1000ms, ciclo 50%)
*     - Acende: 0.5s, apaga: 1.5s (periodo 2000ms, ciclo 25%)
*     - Acende: 1s, apaga: 1s     (periodo 2000ms, ciclo 50%)
*     - Acende: 1.5s, apaga: 0.5s (periodo 2000ms, ciclo 75%)
*     - Acende: 0.25s, apaga: 0.25s (periodo 500ms, ciclo 50%)
*  Condición de saída do bucle do-while: cambio a alto no pulsador E0 (pin 9)
**********************************************************************/
void main()
{
  while (input(PIN_A4))  // Espera cambio a alto en A4.
   // Escintila os LEDs variando o ciclo de traballo
  do  {
    // Acende: 0.5s, apaga: 0.5s (periodo 1000ms, ciclo 50%)
    EscintilaLED(LED_BERMELLO, 1000, 50);
    EscintilaLED(LED_AMARELO, 1000, 50);
    EscintilaLED(LED_VERDE, 1000, 50);
    // Acende: 0.5s, apaga: 1.5s (periodo 2000ms, ciclo 25%)
    EscintilaLED(LED_BERMELLO, 2000, 25);
    EscintilaLED(LED_AMARELO, 2000, 25);
    EscintilaLED(LED_VERDE, 2000, 25);
    // Acende: 1s, apaga: 1s     (periodo 2000ms, ciclo 50%)
    EscintilaLED(LED_BERMELLO, 2000, 50);
    EscintilaLED(LED_AMARELO, 2000, 50);
    EscintilaLED(LED_VERDE, 2000, 50);
    // Acende: 1.5s, apaga: 0.5s (periodo 2000ms, ciclo 75%)
    EscintilaLED(LED_BERMELLO, 2000, 75);
    EscintilaLED(LED_AMARELO, 2000, 75);
    EscintilaLED(LED_VERDE, 2000, 75);
    // Acende: 0.25s, apaga: 0.25s (periodo 500ms, ciclo 50%)
    EscintilaLED(LED_BERMELLO, 500, 50);
    EscintilaLED(LED_AMARELO, 500, 50);
    EscintilaLED(LED_VERDE, 500, 50);
  } while (input(PIN_E0));    // Repite ata que E0 cambia a alto.
```

```
}
/*************************************************************************
*  FUNCIÓN: void EscintilaLED(int8 led, int16 período, int8 ciclo)
*    Escintila o LED segundo a combinación do período (milisegundos) e do ciclo
*     de traballo (%) segundo as ecuacións:.
*      - acendido = período * ciclo/100 (milisegundos)
*      - apagado = período - acendido (milisegundos)
*************************************************************************/
void EscintilaLED(int8 led, int16 período, int8 ciclo)
{
   int16 acendido;  // Tempo acendido en milisegundos
   int16 apagado;   // Tempo apagado en milisegundos
      // Cálculo dos tempos
   acendido = período * (ciclo/100);
   apagado = período - acendido;
   output_low (led);    // Acende o LED levando a baixo a saída
   delay_ms (acendido); // Espera o tempo de manter acendido
   output_high (led);   // Apaga o LED levando a alto a saída
   delay_ms (apagado);  // Espera o tempo de manter apagado
}
```

RELOXO CONTADOR DE SEGUNDOS EN FORMATO SSSS

```
/*************************************************************************
* FICHEIRO: DisplaySegundos.c
* CONTIDO: Programa sobre o PIC16F877A que mostra un contador de segundos
*   (de 0000 a 9999) nos 4 displays 7-segmentos.
* FUNCIÓNS:
*  void main(): Contador cíclico de 0 a 9999 mostrado en los 4 displays.
*  void AmosaEnDisplays(int16 numero): Recibe un número entre 0 e 9999 para
*   amosalo nos 4 displays da placa usando a configuración de rexistros de
*   desprazamento (74595).
*************************************************************************/
/*************************************************************************
* Fundamento: Cada un dos 4 displays-7segmentos (cátodo común) ten asociado
*  un CI 74HC595 presentando nas súas 8 saídas os valores dos 7 segmentos e
*  do punto (nivel alto = acendido). O CI 74595 é un rexistro de desprazamento
```

```
*  de 8 bits; os datos entran en serie e poden saír en serie ou en paralelo.
*  A carga dos "díxitos" realízase entrando en serie e pasando en serie do
*  rexistro do díxito máis significativo cara ao seguinte rexistro, sen afectar
